

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 24 DE ABRIL DE 2013

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e catro de abril deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEO GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ e DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:


ACTA.- Apróbbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 17 de abril de 2013.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase desestimar o recurso de reposición achegado contra o acordo adoptado na Xunta de Goberno Local celebrada o 5 de setembro de 2012, adoptado en execución da sentenza número 371/1998, do 30 de abril de 1998, para a reposición ao estado inicial das obras feitas na Tolda de Castela.

Acórdase conceder as seguintes licenzas: para parcelamento da parcela matriz sita en Santa Comba, número 16, parroquia de Santa Comba; para parcelamento da parcela matriz sita na rúa do Teatro, número 14; para restauración de cuberta no edificio de vivendas con licenza número 439/66, sito en solo urbano, na rúa Camiño Real, número 158; para mellora de accesibilidade a un local situado na planta baixa no edificio sito na praza Comandante Manso, número 11; para a reforma e ampliación de vivenda unifamiliar con licenza número 100/04, sita no núcleo rural de As Regas-Zarra, parroquia de San Salvador de Muxa; para reestruturación e ampliación en altura de edificación tradicional, con uso de vivenda, no solo clasificado no PXOU como núcleo rural tradicional de Locai, Santa María Alta; para reforma parcial de edificio, consistente na substitución de cerramento e restauración de cuberta na zona da ábsida da igrexa, sita en solo urbano na praza Maior, número 26; para reforzo de forxado de teito da planta primeira no edificio con licenzas números 194/74 e 863/99, sito na rampla de Claudio López, número 30; para cambio de carpintería de aluminio nas plantas 1ª a 4ª por carpintería de madeira, no edificio con licenzas números 204/90, 235/92, 520/00 e 500/01, sito en solo urbano, na rúa da Raíña, número 12; para legalización de apertura de oco na fachada da edificación, atopándose dentro do ámbito do núcleo rural, sita no núcleo de Santa Comba-Santa Engracia-Vilamarce, número 3, parroquia de Santa Comba.

Código Seguro de verificación:H6qT7p+qvMJWDxOIcWm2hQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Dopeso Garcia		FECHA	03/05/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	H6qT7p+qvMJWDxOIcWm2hQ==	PÁGINA	1/4
				
H6qT7p+qvMJWDxOIcWm2hQ==				

Tamén se acorda denegar a licenza solicitada para construción de tipo galpón, para almacenamento de materiais e apeiros, no polígono 342, parcela 218, situados dentro de solo clasificado como área de expansión do núcleo rural (28.2) Castelo, Cerracín, Cacabelos, parroquia de Mazoi.

2. XESTIÓN.- Acórdase aprobar inicialmente o “Proyecto de obras ordinarias constructiva de rampa de acceso para minusválidos en rúa Dinán, 1-3 baixo”, o “Proyecto de obras ordinarias para rampa de acceso a farmacia en avda. Fontiñas, 302 baixo” e o “Proxecto de obras ordinarias ‘línea de media tensión subterránea enlace sub. san cibrao - cr mercedes’ ”.

Acórdase declarar a situación de ruína urbanística do inmovible situado na avda. da Coruña, esquina rúa Río Ladra.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase a rectificación das bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de tradutor/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación do emprego temporal.

Acórdase a designación dos membros do tribunal cualificador do procedemento selectivo convocado por este Concello para o acceso en propiedade a unha praza de oficial condutor/a, vacante no cadro de persoal funcionario do Concello de Lugo, en quenda libre.

Tamén se acorda recoñecer os servizos extraordinarios realizados polos compoñentes da Banda Municipal de Música dende setembro 2012 a febreiro 2013, así como a forma de compensación.


Así mesmo acórdase autorizar a realización de servizos extraordinarios para levar a cabo pola orientadora laboral, por mor da preparación do “Arde Lucus 2013”, e a forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase prorrogar o contrato administrativo correspondente á prestación de actividades de ensinanza deportiva e servizos complementarios nas instalacións deportivas de “As Pedreiras” e outras instalacións deportivas municipais, dende o 15 de abril de 2013 ata a adxudicación e formalización de novo contrato, e como máximo ata o 31 de decembro de 2013.

Código Seguro de verificación:H6qT7p+qvMJWDxOIcWm2hQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia	FECHA	03/05/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	H6qT7p+qvMJWDxOIcWm2hQ==	PÁGINA 2/4



H6qT7p+qvMJWDxOIcWm2hQ==

Igualmente acórdase prorrogar o contrato administrativo asinado coa empresa encargada do servizo de prestación do servizo de cociña na Escola Infantil Serra de Outes polo prazo dun ano, contado dende o 25 de febreiro de 2013 contado con efectos retroactivos.

Tamén se acorda aprobar os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como o gasto e a adxudicación por procedemento aberto para a contratación dun programa de formación en pavimentador enmarcado no Proxecto Urban co cofinanciamento do 80% da Unión Europea a través do fondo europeo de desenvolvemento rexional (PO FEDER GALICIA 2007-2013) proxecto 10UR2101 URBAN formación ocupacional rehabilitación), así como a apertura do procedemento de adxudicación.

5. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao renunciar á licenza de obras outorgada para modificacións e ampliación do proxecto aprobado na Xunta de Goberno local do 29/10/98, coa licenza de obras número 134/2010, para construír un edificio na rúa Castelao, números 50, 52 e 54.

Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao renunciar á licenza de obras outorgada para construír un edificio na rúa Castelao, números 50, 52 e 54.


Acórdase desestimar o recurso de reposición no que insta a rectificación da liquidación núm. 6025585 (150/2013), xirada en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola licenza para acondicionamento de local e reforma de fachada en planta baixa esquerda do edificio sito na ronda das Fontiñas, 119, ao instar a modificación do presuposto de execución material valorado polo Servizo de Arquitectura.

Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, por denegación da licenza para parcelamento de parcela matriz 275, polígono 185, sita en solo clasificado como área de expansión en núcleo rural de Vilaestévez, parroquia de San Xoán do Alto.

Tamén se acorda a regularización das situacións tributarias en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras ao denegarse as licenzas solicitadas para: instalación dunha estación base de telefonía móbil no edificio sito na estrada da Coruña, 36-38; instalación dunha estación base de telefonía móbil na rúa Cornubia, 5 e instalación dunha estación base de telefonía móbil na rúa Miguel de Cervantes, 58.

Así mesmo, acórdase a regularización das situacións tributarias en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras ao renunciar ás licenzas de obras outorgadas para reforma de

Código Seguro de verificación:H6qT7p+qvMJWDxOIcWm2hQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		FECHA	03/05/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	H6qT7p+qvMJWDxOIcWm2hQ==	PÁGINA	3/4
 H6qT7p+qvMJWDxOIcWm2hQ==				

vivenda para a súa división en dúas vivendas independentes no edificio sito na rúa rampla de Claudio López, 5-7 e para construción de dúas vivendas unifamiliares apegadas na rúa Consello de Europa, s/n, parcela 10.C.3.A.5, polígono Acea de Olga.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

Excluír do procedemento de licitación para a autorización de instalación de restaurantes, postos de elaboración de comida e atracción infantil no Arde Lucus 2013 a parcela 2A (segundo plano da praza da Soidade).

Modificación orzamentaria: modificación das previsións iniciais do Orzamento de ingresos. expdte. 1/2013

Inicio do procedemento de revisión de oficio de diferentes actos administrativos nacidos por silencio. recurso contencioso-administrativo interposto por un funcionario.

Inicio do procedemento de revisión de oficio de diferentes actos administrativos nacidos por silencio. recurso contencioso-administrativo interposto por un funcionario.


Inicio do procedemento de revisión de oficio de diferentes actos administrativos nacidos por silencio. recurso contencioso-administrativo interposto por un funcionario

Inicio do procedemento de revisión de oficio de diferentes actos administrativos nacidos por silencio. recurso contencioso-administrativo interposto por un funcionario.

Informe número 008 do Secretario Xeral do Pleno a requirimento da Xefa do Servizo de Persoal, sobre o expediente de modificación da RPT aprobada pola Xunta de Goberno Local do 23 de xaneiro de 2013 e a posible remisión ao Pleno dunha modificación do Regulamento Orgánico.

Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Ambiente e Axenda 21 e Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, Lino José González-Doposo García.

Código Seguro de verificación:H6qT7p+qvMJWDxOIcWm2hQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		FECHA	03/05/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	H6qT7p+qvMJWDxOIcWm2hQ==	PÁGINA	4/4
				
H6qT7p+qvMJWDxOIcWm2hQ==				